



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ  
O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE  
COLABORACIÓN NA XESTION TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E  
RECAUDATORIA DA TAXA POR RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESÍDUOS  
SÓLIDOS URBANOS DOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DO  
MORRAZO**

**CLÁUSULAS**

**I**

**Do Contrato en Xeral**

**PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO**

1.- Constitúe o obxeto do presente contrato a prestación dos servicios complementarios á xestión dos ingresos da Mancomunidade de Concellos do Morrazo e a información os contribuintes, así como a realización dos traballos necesarios para o correcto desenvolvemento do presente contrato.

O contratista, en ningún caso, realizará actuacións que impliquen exercicio de autoridade, ni podrá realizar cobro algún.

Conforme ó establecido no parágrafo anterior, o contrato rexerá-se por este prego de cláusulas administrativas particulares, así como polas normas sobre contratación contidas nas disposicións legais e reglamentarias, de Contratos das Administracións Públicas e de Rexime Local vixentes ó celebrarse a licitación, e durante o desenvolvemento do contrato. Serán asimesmo de aplicación con carácter supletorio, as restantes normas de Dereito administrativo.

As normas de Dereito privado serán aplicabeis como dereito supletorio para resolver as cuestións que podan dar lugar a interpretación, efectos, cumprimento e extinción do contrato, que non podan ser deducidas das disposicións citadas no parágrafo anterior. En todo caso, a aplicación das normas de dereito privado non poderá facer-se con esquecemento das prerrogativas da Administración.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

2. - Encanto ás disposicións reglamentarias que resulten de aplicación serán as vixentes en cada momento, debendo considerarse a tal efecto, as que poidesen resultar dispostas na Disposición Final Primeira da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local, sobre actualización e adecuación de todas as normas reglamentarias en materia de Rexime local, así como as previstas no Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de Abril, en todo o que non se opoñan ao establecido no Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño. Tamén serán de aplicación as disposicións que dicte o Goberno modificativas das cuantías e dos prazos establecidos na Lei de Contratos das Administracións públicas, respecto aos procedementos de licitación que sexan consecuencia de decisións adoptadas pola Comunidade Económica Europea, en materia de contratos públicos.

## **SEGUNDA.- OBXECTO DO CONTRATO**

Constitúe o obxecto do contrato a adxudicación dos servizos complementarios ao funcionamento dos órganos de xestión tributaria, inspectora e recaudatoria da MANCOMUNIDADE DO MORRAZO, de acordo coas condicións técnicas que figuran no seu correspondente prego e que forma parte integrante do presente Prego de Condicións.

En termos xerais, o obxecto do contrato comprende a realización de traballos de apoio á xestión tributaria, censal, inspectora e recaudatoria que non impliquen exercicio de autoridade nen custodia de fondos públicos, en orde á cobranza dos recibos e certificacións sobre a taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos e outros tributos de dereito público xestionados ou que nun futuro vaia xestionar a Mancomunidade previo acordo coa empresa adxudicataria.

A estes efectos, as condicións e actuacións ás que deberá axustarse a prestación dos servizos obxecto do contrato, serán as que se definen no prego de prescricións técnicas.

## **TERCEIRA.- ORZAMENTO - TIPO DE LICITACIÓN**

O orzamento de licitación ascende a un importe de TRESCENTOS OITENTAMIL DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON SETENTA E TRES, **(381.273,73)** EUROS para os dous anos de contrato, sendo o importe estimativo conforme o seguinte:

.



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

CONCEPTO	CARGO	PRECIO	IMPORTE
VOLUNTARIA 2006-2007.	3.164.639,10	5%	158.231,96
EJECUTIVA	1.053.611,78	15%	158.041,77
ALTAS CENSALES	500.000,00	10%	50.000,00
INSPECCION	100.000,00	15%	15.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>4.518.250,88</b>		<b>381.273,73</b>

Nas proposicións que formulen os licitadores e na cifra precisa, concreta e determinada, así como nos precios ofertados, nos que se adxudique o contrato entenderanse sempre incluídos, a todos os efectos, as cuotas correspondentes aos tributos de toda índole que graven os diversos conceptos e, en especial, o Imposto sobre o Valor Engadido.

#### CUARTA.- CONSTANCIA EXPRESA DA EXISTENCIA DE CRÉDITO

Para cumprimento disposto no artigo 67.2 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, faise constar de modo expreso a existencia dos créditos precisos para atender as obrigas económicas que se deriven para a Mancomunidad do cumprimento do contrato na xestión en voluntaria e executiva que se articulan no orzamento mediante un crédito ampliable.

En canto as actuacións de Inspeccións queda supeditado se inicio ata que se aprobe un crédito orzamentario destinado a esta finalidade.

#### QUINTA.- DURACIÓN DO CONTRATO

Dentro dos límites que sinala o art. 198 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, a duración do contrato será de 2 anos dende a data da súa sinatura, prorrogabel por mútuo acordo das partes 3 meses antes da finalización de aquél, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poda exceder de catro anos.

Non obstante, se a data de vencimento da vixencia do contrato ou das súas prórrogas, no seu caso, non coincidise coa finalización dalgún período de recaudación de pago voluntario ou de rendición obligatoria de contas, entenderase



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

prorrogado o presente contrato ata o día de vencimento de ditos períodos, na totalidade das cláusulas e estipulacións do mesmo.

Asimesmo, á finalización dos traballos de asistencia e colaboración queda establecido un período de garantía de seis meses durante os cales a Mancomunidade poderá requirir á empresa adxudicataria ós efectos de aclarar cantos extremos se precisen acerca dos traballos realizados.

#### SEXTA.- FORMA DE PAGO

O pago efectuarase contra presentación das facturas mensuais no Rexistro Xeral,dita facturación realizarase de xeito separado nun documento individual por cada un dos seguintes conceptos : cobro en periodo voluntario ; cobro en periodo executivo e actuacións inspectoras.

.

#### SÉPTIMA.- DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

1. O dereito á percepción do precio axustará-se ás seguintes regras:
  - a) Abonarase ao contratista, con arreglo aos precios convidados, os servicios que realmente execute con suxeción ao prego de prescricións técnicas e ás súas modificacións debidamente autorizadas, a medida que pola Mancomunidade se dean por recibidas de conformidade.
  - b) Non terá dereito o contratista ao pago das innovacións ou melloras feitas voluntariamente, aínda que fosen beneficiosas para a Administración. Tampouco non se admitirán reclamacións por servicios distintos dos presupostados, que tivese realizado sen prévia autorización con arreglo ás formalidades esixidas legalmente. En ningún caso terá o contratista dereito ao abono dos servizos que realice contravindo o disposto neste parágrafo e no anterior.
  - c) Aos efectos de pago, e dado que o servicio é constante e ininterrompido, o contratista dentro dos vinte primeiros días do mes seguinte, emitirá certificación ou factura que corresponda aos servicios realizados durante o mes anterior. Os abonos destas certificacións terán o concepto de pagos a boa conta suxeitos ás comprobacións que se realicen polos órganos da Mancomunidade competentes, e non suporán, en forma algunha, aprobación e recepción dos servicios que comprendan.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

2.- Ademais dos contidos neste prego e dos que resulten da aplicación das normas supletorias, son especiais obrigas do contratista as seguintes:

- a) Levar a efecto a imposición da fianza definitiva no prazo de quince días hábiles dende a notificación da adxudicación, e complementala cando fose procedente.
- b) Formalizar o contrato, no prazo sinalado no acto de adxudicación. Dito prazo non poderá exceder de trinta días naturais a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación.
- c) Executar os servizos contratados nos prazos previstos no prego de prescricións técnicas.
- d) Executar os servizos persoalmente, non pudiendo ceder, en todo ou en parte, o contrato a outra persoa sen a autorización expresa e prévia da Administración, e con suxección aos condicionantes establecidos polo artigo 114 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- e) Notificar, no prazo de quince días, as incapacidades ou incompatibilidades que poidesen sobrevenir.
- f) Pagar todos os gastos que se orixinen a consecuencia da licitación e do contrato, entre outros, a título enunciativo, os causados por anuncios, na prensa diária e nos Boletins oficiais e, no seu caso, no D.O.C.E., constituición de fianzas e formalización do contrato en escritura pública coas súas cópias.
- g) Abonar todos os tributos (taxas, contribucións e impostos) estatais, autonómicos e locais a que desen lugar a licitación e o contrato.
- h) Cumplir o establecido nas disposicións vixentes en materia de relacións laborais, Seguridade Social e seguridade e hixiene no traballo e, en especial, o disposto no Estatuto dos Traballadores, Lei Xeral da Seguridade Social, cubrindo as contingencias de accidentes de traballo e enfermidade profesional do persoal ao seu servizo e todos aqueles apartados esixibéis sobre seguridade e saúde no traballo.
- i) Indemnizar todos os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requieran a execución dos servizos, así como os producidos por contravimento das súas obrigas, nos termos dos artigos 97 e 98 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño. A tal fin, os licitadores deberán ter suscrita, con carácter xeral para os servizos que contempla o seu obxecto social, Póliza de Seguro en cobertura das súas responsabilidades Civil Profesional, de Explotación, Patronal e de cobertura de danos a Expedientes e Documentos a data de presentación das súas ofertas, por un importe de seiscientos mil euros (600.000.- euros), aportando en proba de iso a correspondente póliza e o xustificante do pago da mesma.

#### OITAVA.- DEREITOS E OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

1.- A dirección dos servicios contratados corresponderá á Presidencia da Mancomunidade, en función dos diversos servicios obxectos de contrato, quen dictarán as instrucións necesarias ao contratista para a súa normal e eficaz prestación, en base, ás cláusulas contractuais, e sen perxuício das superiores facultades de dirección e inspección dos órganos da Mancomunidade.

2.- Respecto ás facturas que se expidan con carácter mensual, a Mancomunidade procederá ao seu abono no prazo de dous meses a partir da data da súa presentación, transcorrida o cual o contratista terá dereito a que lle sexan abonados os intereses de demora a partir do transcurso do citado prazo. Cando a demora no pago exceda de catro meses, o contratista poderá proceder, no seu caso, ao suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicalo á Mancomunidade con un mes de antelación a tal circunstancia, a efectos do recoñecemento dos dereitos que poden derivar-se de dita suspensión, nos termos establecidos na lei.

O interés de demora será o que sinala o artigo 99.4 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

3.- O contrato entendese aceptado a risco e ventura do contratista, dacordo co disposto no artigo 98 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, e sen perxuício que dispón o artigo 144 do mesmo.

#### NOVENA.- GARANTÍA PROVISIONAL

1.- A garantía provisional que deberá constituír-se polos licitadores, na caixa da Mancomunidade, deducirase por aplicación ao orzamento do contrato da porcentaxe do 2% previsto no art. 35 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, do orzamento de licitación, neste caso 7.625,47 euros.-

2.- Admitiranse calquera das formas relacionadas no artigo 35.1 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

a) As garantías provisionais constituídas mediante aval axustarán-se ao modelo que se indica no ANEXO II do presente Prego.

b) A administración reservase o dereito de impoñer a lexitimación das sinaturas dos avais.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

## II

### **Forma de Adxudicación do Contrato**

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE DA LICITACIÓN**

1.- O anuncio da presente licitación, realizarase de conformidade co establecido no R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de Xuño, atendendo aos criterios dos artigos 78 e 203 da normativa citada.

2.- O último día para a presentación de proposicións fará-se constar nos diversos anuncios da licitación.

#### **UNDÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS**

1.- Os licitadores presentarán as súas proposicións no Rexistro Xeral da Mancomunidade (Concello de Cangas), no prazo que se sinala nos anuncios da licitación, entre as nove e as trece horas da mañá, en días laborábeis. Se o último día de presentación de ofertas fose inhábil, prorrogarase até o día hábil seguinte. Asimesmo, as proposicións poderán-se remitir por correo, con suxección ao previsto na lexislación vixente. Neste caso deberá xustificarse a data e hora de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, télex ou telegrama no que se consigne a clave ou título do concurso, a súa referencia e nome do licitador.

O fax, télex ou telegrama deberá ter-se imposto igualmente dentro do prazo fixado no anuncio de licitación. A efectos de xustificar que o envío por correo faise dentro da data e hora sinaladas para a admisión de proposicións, admitiranse como meio de proba que no telegrama se faga referencia ao número do certificado de envío feito por correo.

A fin de poder elaborar debidamente as proposicións, o expediente desta contratación, cos seus pregos de condicións e demais documentos, poderá ser examinado na Secretaría Xeral, Concello de Bueu, en horario de 9 a 14 horas,



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

excepto sábados e festivos, a partir do día seguinte a aquel en que apareza a inserción do anuncio de licitación no último dos Boletins Oficiais, conforme se sinala no artigo 78 da Lei de Contratos das Administracións Públicas e durante un prazo de 8 (OITO ) días naturais.

2.- Os licitadores presentarán as súas proposicións en tres sobres pechados, que poderán ir tamén lacrados ou precintados, debendo estar rubricados polo seu apresentador e contra entrega poderá expedir-se o correspondiente recibo.

### SOBRE PRIMEIRO

Conterá a documentación de licitador e titularase "PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECAUDATORIA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO" e subtitularase "DOCUMENTACIÓN", contendo os seguinte documentos:

a) Acreditación da personalidade xurídica e capacidade de obrar.

Se se trata de persoas físicas, aportarase fotocópia lexitimada ou cotexada pola Secretaría Xeral do D.N.I.

Se se trata de persoas xurídicas españolas, deberá adxuntarse escritura de constituición ou modificación, debidamente inscrita no Rexisto Mercantil (orixinal, cópia autenticada, ou cotexada pola Secretaría Xeral).

No caso de empresarios estranxeiros pertencentes ós Estados da Comunidade Europea, aportararán os seus documentos constitutivos, traducidos de forma oficial ao castelán ou galego e, ademais, acreditarán a súa inscrición nun rexisto profesional ou comercial, cando este requerimento sexa preceptivo pola lexislación do Estado respectivo.

Por último, cando se trate de empresarios estranxeiros de Estados non pertencentes á Comunidade Europea, aportararán Escritura de Constituición inscrita no Rexisto Mercantil (orixinal, cópia autenticada, ou cotexada pola Secretaría Xeral) e informe da respectiva representación diplomática española no Estado de procedencia, de que o mesmo admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga e informe sobre a súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional (excepto cando a licitación se anuncie no DOCE, e se trate de empresas de





*Mancomunidad de Concellos do Morrazo*

Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comércio).

Os que comparezcan ou asinen proposicións en representación de outra persoa, acompañarán o poder correspondente, bastantado pola Secretaría Xeral da Mancomunidad, ou no seu caso, por persoa habilitada ao efecto (Abogado en exercicio).

b) Acreditación da solvencia económica e financeira

Deberá acreditarse de algunha das formas contempladas no artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, salvo que se aporte certificado acreditativo da clasificación empresarial esixida.

c) Acreditación da solvencia técnica ou profesional

Deberá acreditarse dalgunha das formas contempladas no art. 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, salvo que se aporte certificado acreditativo da clasificación empresarial esixida.

d) Declaración responsábel de non estar incurso en ningunha das circunstancias relacionadas no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, sobre prohibición de contratar coa Administración.

e) Clasificación do contratista: Deberá acreditarse a clasificación do contratista de acordo co artigo 25.1 da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RDL 2/2000).

A efectos do presente concurso, a clasificación requerida é a correspondente ao Grupo L, Servicios Administrativos, Subgrupo 2 Servicios de Xestión de Cobro, Categoría C, establecida na nova normativa publicada no B.O.E. de data de 26 de outubro de 2.001, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, con vixencia desde o 26 de Abril de 2.002.

Esta clasificación, que deberá ser vixente e non caducada, acreditarase mediante certificado expedido polo Rexisto Oficial de Empresas Clasificadas, dependente do Ministerio de Economía e Facenda. Tal documentación presentaráse (orixinal, copia autenticada, ou cotexada pola Secretaría Xeral) acompañada dunha declaración xurada sobre a súa validez e vixencia.



*Mancomunidad de Concellos do Morrazo*

- f) Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois, para todas as incidencias que pudesen derivarse do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que pudesese corresponder ao licitador (só para as empresas estranxeiras).
- g) Acreditación de se achar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, mediante certificacións positivas expedidas polos organismos competentes.
- h) Documento acreditativo da constituición da garantía provisional.
- i) Os licitadores deberán xustificar e acreditar debidamente a existencia dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a vida e execución do contrato.
- j) Declaración do representante da empresa, no seu caso, sobre o número de traballadores minusválidos que tivesen adscritos á súa plantilla e a porcentaxe que dito número representa en relación co total da plantilla.

Cando varios empresarios concurren á licitación constituindo unha unión temporal de empresas UTE, cada un deles deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de acordo co sinalado anteriormente. Ditos empresarios deberán nomear un representante ou apoderado único, e só se esixirá a formalización da UTE unha vez que se faga a adxudicación ao seu favor.

## **SOBRE SEGUNDO**

Titularase do mesmo modo que o Primeiro, e se subtitulará "OFERTA ECONOMICA".

Conterá a oferta económica e incluirá a proposición con arreglo ó modelo que se sinala ao final deste prego de cláusulas, na que o licitador concretará o tipo económico da súa postura, debendo tal documento ir debidamente asinado, de maneira que de non cumprirse tal requerimento a Mesa de Contratación procederá de forma automática á exclusión da oferta, salvo que atopándose presente o proferente no momento da súa apertura, proceda a asiná-la .



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

## **SOBRE TERCEIRO**

Acompañará a memoria descritiva dos servizos a realizar segundo as esixencias requiridas no prego de condicións técnicas sobre as actuacións de asistencia e colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recadadora e as melloras ofertadas coa valoración económica correspondente.

Todos os documentos relacionados nos apartados anteriores son de obrigada presentación.

## **DUODÉCIMA- APERTURA DE PLICAS**

As plicas presentadas serán abertas ante a Mesa, que se constituirá, conforme determina o artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, ás 12 horas do día hábil seguinte (excepto sábado) ao sinalado como último para a presentación de proposicións, sen perxuício do estipulado no artigo 100 do Regulamento Xeral de Contratos do Estado, para o caso de envío de plicas por correo.

A Mesa de Contratación calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, aos efectos da expresada clasificación; o Presidente ordenará a apertura dos sobres relativos á documentación e o Secretário certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a Mesa observase defectos materiais na documentación presentada, poderá conceder un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador emende o erro. A documentación necesaria, entregará-se en sobre pechado no mesmo rexistro no que se entregaron inicialmente os sobres, até as trece horas do último día hábil (excepto sábado) do prazo concedido.

Caso de que por erro se rexeitase ou admita indebidamente algunha proposición, iniciarán-se de oficio as actuacións administrativas correspondentes, con informe do Secretário da Mancomunidade e, no seu caso, audiencia da interesada en orde á rectificación do mesmo.

O acto de calificación previa dos documentos a que se refire a presente cláusula terá lugar no día e hora sinalados no anuncio de licitación, e caso de que non se observasen defectos na documentación aportada polos licitadores, terá lugar de forma inmediata o acto de apertura das proposicións presentadas, extremo éste que constará igualmente no anuncio. A eses efectos levantarase a oportuna acta, onde se recollerán as posíbeis reclamacións que poidesen formular-se e outras incidencias que no transcurso da apertura de plicas poidesen producir-se .



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

Poderán presentarse variantes ou alternativas en mellora na prestación dos servizos a contratar, sempre que as mesmas cumpran as prestacións mínimas definidas no prego de prescricións técnicas.

Destas actuacións levantárase a correspondente acta os efectos sinalados anteriormente.

### DECIMOTERCEIRA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONCURSO

1.- Os criterios obxectivos que han de servir de base para a adxudicación son os seguintes:

- a) **Proyecto de trabajo, gestión y organización del servicio:** Deberá presentarse un proyecto de trabajo, gestión y organización del servicio, de acordo con lo establecido en el presente pliego de condiciones técnicas, en el que se incluirá una descripción del servicio con la determinación de los trabajos más importantes que lo integran.

En este apartado se valorará con un máximo de 60 puntos que se distribuirán de la siguiente manera:

- Solución tecnolóxica aplicada; equipos informáticos, aplicación informática y sistema de información (hasta 20 puntos).
- Por ter contratados servizos similares en calquera dos Concellos integrantes da Mancomunidade, hasta un máximo de 15 puntos.
- Pola cualificación e experienciaa do equipo integrante (ata 10 puntos)
- Por as melloras ofertadas (hasta 5 puntos).
- Prazo de posta en marcha do servizo (hasta 5 puntos).
- Proxecto de Plan de Inspección (hasta 5 puntos).

- b) Polas vantaxes económicas no precio ofertado sobre as porcentaxes de padrón en xestión tributaria ou premios de cobranza dos cobros realizados en período de pago voluntario e executivo sobre a taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, ata un máximo de 40 puntos.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

- En Recadación Voluntaria: Máximo de 5 puntos a razón de 0,5 puntos por cada 0,1 de baixa sobre o % do principal aplicado ós cobros realizados en período voluntario.
- En Recadación Executiva: Máximo de 5 puntos a razón de 0,5 puntos por cada 0,5 de baixa sobre % da débeda tributaria aplicable nos cobros realizados en período executivo.
- En Altas Censais: Máximo de 5 puntos a razón de 0,5 puntos por cada 0,5 de baixa sobre % da débeda tributaria aplicable nos cobros realizados.
- En Inspeccións: Máximo de 5 puntos a razón de 0,5 puntos por cada 0,5 de baixa sobre % da débeda tributaria aplicable nos cobros realizados.

#### DÉCIMOCUARTA. - TRÁMITE DE ADXUDICACIÓN

1.- O contrato adxudicarase mediante concurso polo procedemento de licitación aberto, sendo os criterios de adxudicación os determinados no anterior apartado.

2.- O órgano de contratación terá a facultade de adxudicar o contrato á proposta máis vantaxosa, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declarar deserto o Concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación que figuran neste prego e estimar que ningunha das propostas presentadas resulta conveniente para o interese público.

3.- A adxudicación será notificada ós participantes na licitación, realizándose publicidade do mesmo conforme ó establecido no artigo 93 do Real Decreto Legislativo 2/2000.

4.- O adxudicatario, dentro dos quince días hábiles seguintes á data en que reciba a notificación, deberá presentar o documento que acredite ter constituído a fianza definitiva e, no seu caso, xustificante de pago dos gastos ocasionados pola tramitación e formalización do expediente administrativo de contratación conforme ó establecido no artigo 54.1 do Real Decreto Legislativo 2/2000.

5.- Transcorrido o prazo de dous meses sen que polo órgano competente se dicte o acordo de adxudicación, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposta e a que lles sexa devolta ou cancelada a garantía provisional constituída.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

### III

#### **Perfeccionamento do contrato**

##### DÉCIMOQUINTA.- GARANTÍA DEFINITIVA

1.- Perfeccionando o contrato, notificarase ó contratista para que dentro dos quince días seguintes ó da data en que reciba a notificación efectúe o depósito da garantía definitiva (art. 41 RDL 2/2000), cuxo importe será de quince mil euros ( 15.000,00 €) que deberá depositar, en todo caso, na Caixa da Mancomunidade.

2.- Admitirase calquera das formas relacionadas no Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

a) As garantías definitivas constituídas mediante aval axustaranse ó modelo que se indica no ANEXO II do presente prego.

b) A Administración se reserva o dereito de requirir a lexitimación das sinaturas dos avais.

3.- Cando a consecuencia da modificación do contrato experimente variación o precio, reaxustarase a garantía no mesmo prazo sinalado no apartado 1 anterior, contando desde a data en que se notifique a modificación do contrato.

4.- A devolución da garantía definitiva disporase por resolución do órgano de contratación, unha vez se cumprise satisfactoriamente o contrato ou resolto éste sen culpa do contratista.



*Mancomunidad de Concellos do Morrazo*

#### **DÉCIMOSEXTA.- DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN**

O adxudicatario está obrigado a subscribir na data que sinala o órgano de contratación no acto de adxudicación, ó correspondente documento de formalización do contrato. Será suficiente a súa formalización en documento administrativo. Caso de que o adxudicatario desexe a súa formalización en escritura pública, os gastos da mesma serán da súa conta, debendo entregar á Mancomunidad, primeira copia, copia autorizada e unha copia simple da escritura pública no prazo de 30 días desde o seu outorgamento.

### **IV**

#### **Execución do Contrato**

#### **DECIMOSÉPTIMA.- INICIO DO CONTRATO**

Dentro do prazo que se consigne no contrato formalizarase a acta de inicio na prestación dos servizos.

Formalizado o contrato, o adxudicatario do concurso será responsable de cantas actuacións de colaboración contempla o prego, e iso dende o momento en que se lle entreguen polos servizos da Mancomunidad os correspondentes documentos ou soportes informáticos correspondentes ós servizos contratados ou se cursen as ordes específicas para o seu cumprimento.

#### **DECIMOITAVA.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS**

1.- O contratista está obrigado ó cumprimento de cantos prazos se sinalan no prego para a prestación dos servizos contratados.

2.- A constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Mancomunidad.

3.- A aplicación do pago das penalidades non exclúe a indemnización a que a Mancomunidad poda ter dereito por danos e perxuízos ocasionados con motivo de demora imputable ó contratista.



## DÉCIMONOVENA.- SANCIONES

1.- O incumplimento dos servizos de colaboración e obrigas determinados no presente prego de condicións poderá ser sancionado pola Alcaldía cunha sanción de ata 600 euros, en caso de infraccións leves e con sanción de 1.200 ata 3.000 euros se se trata de infraccións graves.

2.- Son infraccións leves:

2.1.- Demoras inxustificadas no cumprimento dos prazos de suministro de datos para a rendición de contas.

2.2.- Incorreccións nas relacións co público ou co persoal da Mancomunidade por parte do adxudicatario ou do persoal ó seu cargo.

2.3.- Peche inxustificado das dependencias de atención ó público durante a xornada establecida, sen que medie autorización da Mancomunidade.

2.4.- Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.

2.5.- Incumplimento da obriga de mantemento e atención dos servizos ó seu cargo.

2.6.- Calquera outra falta de natureza análoga ás anteriores e que non estea calificada como falta grave.

3.- Son infraccións graves:

3.1.- Neglixencia na garda e custodia dos valores e documentos entregados para a realización das funcións obxecto de contratación.

3.2.- Exacción de costas e gastos ós contribuíntes que non están debidamente autorizadas e xustificadas.

3.3.- Incumplimento das obrigas de contratación do persoal, do tipo de contrato a realizar co mesmo e as obrigas coa Seguridade Social.

3.4.- Omisión no cumprimento das obrigas na liquidación de valores.

3.5.- Desobediencia grave das ordes que emanen dos órganos competentes e que se dicten para a máis correcta e eficaz prestación dos servizos.





*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

3.6.- Cesión ou subrogación total ou parcial dos servicios con terceiros sen a previa autorización da Mancomunidade.

3.7.- Interrupción continuada na prestación do servicio por un período de dous días sen causa xustificada.

3.8.- A prescrición de valores ó seu cargo, por negligencias imputables á empresa adxudicataria sen perxuízo do requerimento de reintegro se procede.

3.9.- Percepción ou tento de cobro de cuotas cúa baixa administrativa lle fose comunicada.

3.10.- Incurrir en falta leve máis de cinco veces no prazo de dous anos contados desde a comisión da primeira delas.

3.11.- Ingresar as cantidades recaudadas en contas distintas das designadas pola Mancomunidade.

3.12.- Condonar ou deixar de cobrar, sen autorización municipal, cantidades da débeda tributaria.

3.13.- Calquera actuación negligente que perxudique notoriamente os intereses da Mancomunidade.

4.- O importe das sancións poderá ser aplicado, no seu caso, ás fianzas constituídas ou ó prezo do contrato.

5.- Se a infracción do adxudicatario das obrigas impostas puxese en perigo a boa prestación do servicio ou consistise na desobediencia ás ordes da Mancomunidade, poderá a mesma declarar a suspensión inmediata ou a resolución deste contrato sen indemnización algunha para o adxudicatario, nos termos previstos na lexislación aplicabel na materia.

6.- As sancións e penalizacións referidas nos apartados anteriores non excluen o dereito a indemnización que a Mancomunidade teña polos danos e perxuízos que o incumplimento do contratista lle puidese ocasionar.

## VIXÉSIMA.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Estarase ó disposto nos artigos 114 e 115 do Real Decreto Lexislativo 2/2000.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

## V

### **Extinción do Contrato**

#### VIXÉSIMO PRIMEIRA. - EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato extinguirase polo remate do prazo de vixencia ou, no seu caso, da prórroga ou prórrogas, pola declaración de caducidade e pola súa resolución.

2.- Darán lugar á resolución do contrato as causas contempladas nos artigos 99.6, 111, 112 e 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, sendo preceptiva, en todo caso, nos seguintes supostos:

Declaración de quebra, suspensión de pagos, concurso de acreedores ou insolvente fallido en calquera procedemento.

Falta de constitución en prazo da garantía definitiva

Falta de inicio do contrato en prazo sinalado.

O suministro comprobado de información a terceiros, públicos ou privados, sen que medie autorización ou consentimento da Mancomunidade.

Reter e dispor de cantidades recaudadas en beneficio propio.

A redución no cargo anual de voluntario igual ou superior ó vinte por cento do montante total respecto do exercicio precedente. Esta opción poderá ser instada pola empresa adxudicataria.

Cando se resolva o contrato por causa imputable ó contratista deberá indemnizar á Mancomunidade polos danos e perxuízos ocasionados, aplicándose a este fin, en primeiro lugar, a garantía depositada e, no que exceda do seu importe, directamente ó mesmo.

3.- Á extinción do contrato e das súas prórrogas, se existisen, o adxudicatario deberá pór a disposición da Mancomunidade toda a documentación que obre no seu poder referente ós expedientes administrativos de recadación, rendindo contas da súa xestión co arqueo correspondente, entendendo que en tanto non se produza a plena conformidade da Tesourería da Mancomunidade



*Mancomunidad de Concellos do Morrazo*

deberá responder aquel fronte a ésta, ademais de asumir a obriga de resarcir os danos e perxuízos que se ocasionen pola súa demora na devolución da documentación ou rendición de contas.

4.- A extinción do contrato deixará sen efecto o vínculo da Mancomunidad coa empresa adxudicataria ou os seus empregados, de modo que non poderá entender-se subsistente relación laboral, administrativa ou de outra índole entre éstos e a mesma, respondendo o adxudicatario directamente fronte ós seus empregados polas consecuencias laborais que se deriven da extinción do contrato coa Administración.

#### VIXESIMO SEGUNDA.- REVISIÓN DE PRECIOS

De conformidade co disposto no artigo 103.3 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, non procederá a revisión do precio do contrato, motivándose esta resolución en que o importe da mesma, á estar constituída por unha porcentaxe sobre os ingresos tributarios da Mancomunidad, experimenta anualmente variacións en función da mellora e eficacia da xestión tributaria da mesma.

Non obstante, se o tipo impositivo do Imposto sobre o Valor Engadido ou tributo que o substitua, experimentase un aumento ou diminución, os módulos de retribución incrementaríanse ou diminuíríanse no diferencial entre o tipo do IVA vixente ao tempo da adxudicación e o tipo do IVA resultante.

#### VIXESIMO TERCEIRA.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

A Mancomunidad terá as prerrogativas de dirixir os servicios, de interpretar o contrato, de modificar a prestación segundo a convénencia do servicio e de suspender a execución por causas de interese público, indemnizando, no seu caso, á empresa adxudicataria polos danos e perxuízos ocasionados, conforme ao establecido na normativa de contratos coas Administracións Públicas.

#### VIXESIMO CUARTA.- XURISDICCIÓN E COMPETENCIA

Os litixios derivados deste contrato entenderanse sempre sometidos á Xurisdición Contencioso-Administrativa e aos Tribunais ou Xulgados competentes con xurisdición no lugar en que a Mancomunidad ten a súa sede.



*Mancomunidad de Concellos do Morrazo*

## PRESCRIPCIÓN FINAL

Facúltase ó Presidente da Mancomunidad para que, previo os informes legalmente establecidos adopte as resolucións precisas sobre aplicación e interpretación das prescricións reguladoras do contrato, podendo realizar durante a vixencia do contrato as modificacións que fosen necesarias para a máis correcta prestación dos servizos, e que conte coa conformidade da empresa adxudicataria, dando conta con posterioridade á Asemblea da mesma para a súa ratificación.

## ANEXO I

### Modelo de Proposición

"D. ...., con domicilio en ..... , Documento Nacional de Identidade número ....., expedido en ....., en nome e representación de ....., con domicilio social ..... con código de identificación Fiscal nº....., manifesta o seguinte:

1º.- Que coñece o prego de prescricións técnicas relativo á contratación, polo procedemento de concurso para a contratación dos servizos de colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora e recaudatoria da Taxa por recollida de residuos sólidos urbanos dos municipios da MANCOMUNIDADE DO MORRAZO e que acepta plenamente o prego de cláusulas administrativas do mesmo.

2º.- Que declara baixo a súa responsabilidade que a empresa licitadora ten capacidade xurídica e medios suficientes para prestar dito servizo, reúne os requirimentos específicos esixidos para dita prestación e non se atopa incurso en ningún dos casos de prohibición sinalados na lexislación vixente.

3º.- Que, caso de resultar adxudicatario, prestará o servizo con suxección, en todo caso, aos requirimentos e condicións dos pregos aprobados.

4º.- Que se compromete, conforme a todo o dito, a realizar as prestacións obxecto do contrato no punto primeiro, formulando a seguinte oferta económica:

a)                   % do principal por todos os cobros realizados en período voluntario de pago sobre a Taxa por Resíduos sólidos urbanos.



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

b) % do principal e recargo aplicabel nos cobros realizados en período executivo sobre a Taxa por Resíduos sólidos urbanos, admitíndose posturas inferiores ás do tipo porcentual sinalado.

c) %do principal e recargo aplicabel nos cobros orixinados por actuacións que supoñían alta no Padrón de contribuintes non censados.

d) Por cada actuación de asistencia que orixine a incoación dunha acta de inspección pola Mancomunidade o % sobre o importe total liquidado, con un mínimo por actuación de 15 €

(Detallar a oferta co desglose requerido no prego de condicións técnicas)

Lugar, data e asina do LICITADOR."

### **Variacións ao modelo de proposición**

1) Cando concurren á licitación Agrupacións Temporais de Empresas, o encabezamento do Modelo de Proposición quedará redactado da seguinte maneira:

"D. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, DNI número \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_, con domicilio social en \_\_\_\_\_, e CIF nº \_\_\_\_\_ e D. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, DNI número \_\_\_\_\_



*Mancomunidad de Concellos do Morrazo*

\_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_, con domicilio social en \_\_\_\_\_, e CIF nº \_\_\_\_\_

**DECLARAN:**

Que se constitúen como Unión Temporal de Empresas, coas participacións respectivamente de \_\_\_\_\_%, e que nomean representante ou apoderado único da mesma, con poderes suficientes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven até a extinción do mesmo, a D. \_\_\_\_\_; e

**MANIFESTAN:**

(Transcreban-se os puntos que constan no modelo de proposición. Do 1 ao 4)

2) Cando concurren á licitación empresas estranxeiras, deberán engadir o seguinte punto ao modelo de proposición:

6º.- Que se somete á xurisdicción dos xulgados e tribunais, en todos os problemas sobre interpretación, modificación, resolución e extinción do contrato"

**ANEXO II**

**Modelo de aval**

"D \_\_\_\_\_, provisto de D.N.I. nº \_\_\_\_\_, na súa calidade de \_\_\_\_\_ da entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca) \_\_\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_ con domicilio ( a efectos de notificacións e requerimentos) en \_\_\_\_\_ na rua/praza/avenida \_\_\_\_\_ - C.P. \_\_\_\_\_ con poderes suficientes para lle obrigar neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes realizado ante a Abogacía do Estado en data \_\_\_\_\_,

**AVALA**



*Mancomunidade de Concellos do Morrazo*

A\_\_\_- (nome e apelidos ou razón social do avalado)\_\_\_ NIF \_\_\_\_\_-  
en virtude disposto no Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, pola que se  
aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Publicas para  
responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga  
asumida polo garantido) \_\_\_\_\_ ante a MANCOMUNIDADE DO MORRAZO,  
por importe de: \_\_\_\_\_(en letra) \_\_\_\_\_ euros (\_\_\_\_\_euros en  
cifra).

Este aval outorga-se solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia  
expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro  
requerimento que ao efecto realice a MANCOMUNIDADE DO MORRAZO, con  
suxeción aos termos previstos no Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño,  
pola que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións  
Publicas.

O presente aval estará en vigor até que a MANCOMUNIDADE DO MORRAZO ou  
quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso, autorice a súa cancelación  
ou devolución, dacordo co establecido no Real Decreto legislativo 2/2000, de 16  
de xuño, pola que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das  
Administracións Publicas.

\_\_\_\_\_ (lugar e data)  
\_\_\_\_\_ (razón social da entidade)  
\_\_\_\_\_ (asina dos Apoderados)

Na MANCOMUNIDADE DO MORRAZO, a....de.....de 2006.

O SECRETARIO,  
Fdo: